

TOURO

OUTONO 2019



O.M.I.X. (Oficina Municipal de Información Xuvenil)

Horario: De luns a venres de 9 - 14:30 h.

O.M.I.C. (Oficina Municipal de Información ao Consumidor)

Horario: De luns a venres de 9 - 14:30 h.

BIBLIOTECA

Horario: De luns a venres de 9 - 14:30 h.

P.A.I. (Punto de Atención á Infancia)

Horario: De luns a venres de 9 - 14:30 h.

C.I.R.U. (Centro Interpretación do Río Ulla)

Horario: De martes a xoves de 9 - 14 h.

Venres de 9 - 14 e de 17 - 19 h.

Sábados de 11 - 14 h.

XIMNASIO MUNICIPAL

Horario: Luns e xoves de 18:30 - 21:30 h.

Mércores e venres de 16 - 20:30 h.

TELÉFONOS DE INTERESE:

CONCELLO CENTRALIÑA	981 50 40 29
CONCELLO CULTURA E TURISMO	981 81 45 66
CONCELLO XULGADO	881 86 67 45
PAVILLÓN MUNICIPAL	619 48 37 14
PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA	981 50 41 55
COLEXIO PÚBLICO	881 86 78 40
GARDA CIVIL	981 50 40 02
CENTRO DE SAÚDE	981 50 41 63
FARMACIAS	881 54 63 33
FARMACIAS	981 50 41 52
FARMACIAS	981 51 74 63
SERVIZO VETERINARIO	649 85 23 99
XUNTA DE GALICIA	981 54 54 00
DEPUTACIÓN DA CORUÑA	981 18 33 00
HOSPITAL CLÍNICO	981 95 00 00
HOSPITAL PROVINCIAL	981 95 15 00
SANTIAGO AEROPORTO	981 54 07 50
SANTIAGO ESTACIÓN DE AUTOBUSES	981 54 24 16
ESPIÑA E DELFIN, S.L.	981 51 72 83
FENOSA	981 14 72 00
UDESA	981 56 12 04
INCENDIOS FORESTAIS	085
URXENCIAS SANITARIAS	061
EMERXENCIAS XERAIS	112
GARDA CIVIL	062
POLICIA NACIONAL	091
BOMBEIROS DE SANTIAGO	080

PRESENTACIÓN

Aos poucos despedímonos do lumínico verán para gozar dun colorido e aromático outono. Unha estación perfecta para gozar dos innumerables matices da natureza no noso concello.

E como non podía ser doutro xeito, serán estes recursos naturais o eixo da programación lúdico-formativa para o outono do 2019: Desde un enfoque cultural, etnográfico, gastronómico ou deportivo, Touro no outono, oferta unha gran variedade de alternativas para o seu máximo goce.

Tomade boa nota! Porque a vosa participación é a clave do éxito desta programación.

E como sempre, non desaproveitamos a oportunidade de mostrar o noso máis sincero agradecemento a todas e a todos os que colaborades no seu feliz desenvolvemento.

*Concellaría de Cultura, Educación
e Deportes*



Adela Isabel Iglesias Tojo

*Concellaría de Servizos Sociais,
Igualdade de Xénero e Familia*



Alfredo Souto Castelo

DE AGOSTO A NOVEMBRO

XIV EDICIÓN DO CONCURSO “TOURO EN IMAXES”

Desde o pasado 6 de agosto o Concello de Touro ten en marcha unha nova edición do concurso de Fotografía “Touro en Imaxes” nas súas categorías Xuvenil e Adultos, opción Natureza e Patrimonio histórico-cultural. As afeccionadas e os afeccionados, amantes da fotografía teñen de prazo ata o 8 de novembro.



As bases poden consultarse no propio concello, na páxina web e no blogue de turismo.

OUTUBRO

Mércores 16

TARDES DIVERTIDAS

Animación á lectura, manualidades, xogos... O mellor plan para os mércores.

Destinatarios:

Nenos/as de 4 a 12 anos.

Hora e lugar:

Das 16:30 ás 18:30 h. na Casa da Cultura.

Inscricións:

Ata o 9 de outubro no departamento de Cultura e no teléfono 981 81 45 66.

Concello de Touro

TARDES DIVERTIDAS

Obradoiros de animación á lectura, xogos, manualidades, cine...
Volve esta actividade que tanto éxito tivo o ano pasado!

CANDO?: TODOS OS MÉRCORES A PARTIRES DO 16 DE OUTUBRO

HORA?: DAS 16:30 ÁS 18:30H.

ONDE?: NA CASA DA CULTURA DE TOURO.

DESTINATARIOS?: NENOS/AS DE 4 A 12 ANOS

IMPRESINDIBLE INSCRICIÓN ANTES DO 9 DE OUTUBRO NO DEPARTAMENTO DE CULTURA OU NO TELEFONO 981 81 45 66.

Venres 18

TEATRO: A MÁQUINA DO TEMPO DE GHAZAFELHOS

Espectáculo que conxuga música, teatro e danza para ofrecernos unha sorprendente e moi divertida viaxe pola historia da humanidade, a través de todas as civilizacións.

Destinatarios:

Nenos/as a partir de 5 anos.

Hora e lugar:

Ás 16:30 h. na Casa da Cultura.



Domingo 20

VII CARREIRA PEDESTRE POPULAR

As probas disputaranse na localidade de Touro e o circuito correspondente a cada categoría estará debidamente sinalizado.

Saíra programa específico.



Mércores 23

CONTACONTOS: VEN A CONTO DE RAQUEL QUEIZÁS


O espectáculo ofrece aos máis pequenos/as relatos para educar a intelixencia emocional, aderezados cunha orixinal escenografía e efectos de son.

Destinatarios:

Nenos/as de entre 3 e 12 anos.

Hora e Lugar:

Ás 17:00 h. na Casa da Cultura.



Sábado 26

GOZA DO ULLA

UNINDO CAMIÑOS “DE NOVEFONTES A SOUTO DO BARCO, PASANDO POLO POZO DO PEGO”

Coa igrexa de Novefontes como punto de partida, pasamos pola fervenza do Inferniño e chegamos ao río Ulla para gozar da súa beleza, repoñendo forzas no entorno do Pozo do Pego. Seguimos cara o núcleo tradicional de San Pedro de Ribeira, Ponte Remesquide e a Área Recreativa de Souto do Barco.

Inscricións:

Ata o 21 de outubro nos teléfonos 981 50 40 29 e 981 81 45 66.



Xoves 31 SAMAÍN

Cantas “Tardes Divertidas” cos preparativos da noite máis máxica e feitiiceira de Touro para celebrar esta gran festa de Samaín. Agora toca gozar cos obradoiros de maquillaxe, a disco móbil e o gran desfile, sen esquecernos das mellores brebaxes quitamedos desta espiritual noite.

Hora e lugar: A partir das 17 h. na Casa da Cultura. Desfile procesional polas rúas ás 20 h. e moita troula.

INICIÁMONOS
ás 17h na Casa da Cultura
e ás 20h saímos
en PROCESIÓN

OBRADOIROS
DE MAQUILLAXE
NOS MÉRCEDES
DE OUTUBRO

Samaín
31
outubro
2019

E REMATAMOS A NOITE MÁIS MEIGA E FEITIICEIRA DE TOURO COAS MELLORES BREBAXES

Deputación
DA CORUÑA

Concello
de Touro
Cultura
e Turismo

NOVEMBRO

Sábado 2 XXI SLALOM CONCELLO DE TOURO

Proba puntuable para o campionato galego.

Sairá programa específico.

EXALTACIÓN DOS PRODUTOS DE OUTONO III CONCURSO PLÁSTICO DONA CASTAÑA

Concurso para os estudantes do concello nos diferentes niveis educativos.

A recepción das obras realizarase ata o 31 de outubro ás 14:30 h.

Lugar e datas da exposición:

Casa da Cultura do 5 ao 9 de novembro.



Martes 5

XI FEIRA DA CASTAÑA

A tradicional feira do día 5 ten un aroma e un sabor moi particular nas rúas de Fonte Díaz porque da man experta dos seus hostaleiros poderemos gozar dos produtos típicos destas datas, compartindo protagonismo o xabaril e as castañas, xunto co resto das sobremesas caseiras.

Hora e lugar:

Das 10 ás 14 h. na Feira de Fonte Díaz.



Sábado 9 e domingo 10

XV XORNADAS MICOLÓXICAS

Charlas e roteiros micolóxicos guiados por expertos, na procura dos diferentes exemplares para a súa posterior catalogación, exposición e degustación.

Inscripcións: Ata o 5 de novembro nos teléfonos 981 50 40 29 e 981 81 45 66.

Sábado 9

ESPECTÁCULO DE POMPAS DE XABÓN: OS FABULOSOS CLEANERS DE MALASOMBRA


Dous operarios da limpeza do teatro, descubren por casualidade as posibilidades que lles ofrecen as súas ferramentas de traballo combinadas con auga e xabón. A partir de aí, os personaxes emprenderán unha excitante viaxe conducidos polas fantásticas pompas e burbullas.

Destinatarios:

A partir de 3 anos.

Hora e lugar:

Ás 18:00 h. na Casa da Cultura.



Domingo 17

SANTA ICÍA

Por primeira no noso Concello teremos a oportunidade de desfrutar da fusión do teatro e da música da man de A Gata con Zocas e da Banda de Música Isabel II de Touro.

Sairá programa específico.



Venres 22

SAÍDA AO BALNEARIO DE CUNTIS

Desfruta dun circuíto lúdico-termal de 2 h. de duración no Balneario de Cuntis.

Hora: Saída do Concello ás 15:00 h.

Prezo: 14 € adultos e 9 € nenos/as (de 3 a 12 anos)

Inscricións: Ata o 8 de novembro no departamento de cultura ou no teléfono 981 81 45 66.

EXCURSIÓN AO BALNEARIO DE CUNTIS
VENRES 22 DE NOVEMBRO



Circuíto lúdico-termal de 2 horas de duración.

DESTINATARIOS: Poboación en xeral.

PREZO: 14€ adultos e 9€ nenos/as de 3 a 12 anos.

HORA: Saída do Concello ás 15:00h.

INSCRICIÓNS: Ata o 8 de novembro no departamento de Cultura ou no 981 81 45 66.

 Concello de Touro

Sábado 23

TEATRO: A ILLA SEN TESOURO DE GHAZAFELHOS

Apoiados nunha escenografía dinámica que se transforma nun mesón, nun barco, nunha cova e nunha empalizada, os tres actores e actriz reinterpretarán os distintos momentos, coa participación do público, da fabulosa aventura de piratas.

Destinatarios:

Nenos/as a partir de 5 anos.

Hora e lugar:

Ás 18:00 h. na Casa da Cultura.

A illa sen tesouro



 Teatro dos Ghazafellos

Pepebo Patoño Mónica Piñón Jorge Casas

Sábado 23 de novembro

 Concello de Touro  Urdime

Venres 15 - Domingo 24

I XORNADAS DO CAMIÑO DO HOLANDÉS-EUROVELO 3

A definición do trazado da Eurovelo 3 abre unha nova oportunidade turística vence-llada ao cicloturismo, un roteiro de longa distancia baseado no Camiño Xacobeo e os lugares declarados Patrimonio da Humanidade. No noso caso, ao paso polo Camiño do Holandés.

Mesas de debate con persoal tanto do eido público como privado, enriquecendo a participación multidisciplinar.

Outras actividades:

Pedaladas polo Camiño: 51 km. desde Fonte Díaz ao Monte do Gozo e volta a Fonte Díaz.

Saídas iniciáticas ao Centro de Interpretación do Pico Sacro, O Castro da Moura e Brandelos, rematando cun lendario Xantar peregrino e **A Gran Proba da Orde das Donas e Cabaleiros do Camiño** coa súa alforxa das recompensas porán o punto e seguido da súa INICIACIÓN.

I XORNADAS DO CAMIÑO DO HOLANDÉS EUROVELO 3

15 de novembro de 2019

As 10h

CASA DA
CULTURA

A alternativa ciclista do Camiño Francés.

Outras actividades

24 de novembro

Pedaladas polo Camiño

19 de novembro

Saída Iniciática

Xantar Peregrino

21 de novembro

A Gran Proba

Orden das Donas e Cabaleiros
do Camiño do Holandés.

DECEMBRO

Venres 13

SAÍDA AO BALNEARIO DE CUNTIS

Desfruta dun circuito lúdico-termal de 2 h. no Balneario de Cuntis.

Hora: Saída do Concello ás 15:00 h.

Prezo: 14 € adultos e nenos/as 9 € (de 3 a 12 anos)

Inscripcións: Ata o 4 de decembro no departamento de cultura ou no teléfono 981 50 40 29.

Venres 20

FESTA DE NADAL

Para dar comezo as vacacións de Nadal celebraremos unha gran festa chea de diversión. Papá Noel será a estrela da tarde e o encargado de recibir as peticións dos/as cativos/as. A merenda dos grandes e pequenos/as está asegurada coa máquina de palomitas, e os recordos do día serán elaborados nos distintos obradoiros. Todo amenizado con música e animación.

Hora e lugar: Ás 17:30 h. na Casa da Cultura.



Sábado 21

CONCERTO DE NADAL E ENTREGA DE PREMIOS DO XIV CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “TOURO EN IMAXES”

Convidámoslos a desfrutar do concerto de Nadal da Banda Xuvenil e da Banda Isabel II de Touro, así como a entrega dos premios aos gañadores do XIV Concurso de Fotografía “Touro en Imaxes” e diplomas de participación a todas as persoas que presentaran algunha obra no concurso. Sairá programa específico.



OFERTA LÚDICO-FORMATIVA

● LINGUAXE DE SIGNOS

Nivel Usuario Básico: A1-1 (30 h.).

Diploma acreditativo expedido pola Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia e homologado pola Confederación Estatal de Persoas Xordas (CNSE).

Hora e lugar: Martes e xoves de outubro das 16:30 ás 19:30 h. na Casa da Cultura.

● ZUMBA

Zumba é unha disciplina fitness que utiliza movementos de baile combinados con rutinas aeróbicas para fortalecer e potenciar a flexibilidade do corpo e, en definitiva, manter unha mente sana. Ponte en forma mentres te divirtes.

Hora e lugar: Todos os martes e xoves desde o 15 de outubro das 21:15 ás 22:15 h. no Pavillón.

Inscripcións: No departamento de Cultura ou no teléfono 981 81 45 66.

● PILATES

O método pilates é un sistema de adestramento do corpo e a mente, no que se combina o fortalecemento de certos músculos co control mental, a relaxación e a respiración.

Hora e lugar: Todos os luns desde o 14 de outubro, das 19:30 ás 22:30 h. na Casa da Cultura.

Inscripcións: No departamento de Cultura ou no teléfono 981 81 45 66

● CESTERÍA

Continuamos con este obradoiro que tanto gusta. O material básico que levará o alumnado para a realización do curso será vimbios, tesoiras e coitelo.

Hora e lugar: Todos os mércores dende o 6 de novembro das 16:30 ás 18:30 h. na Casa da Cultura.

Inscripcións: Ata o 25 de outubro no departamento de Cultura ou no teléfono 981 81 45 66.

● ARTE FLORAL NAVIDEÑA

Aprende a crear os teus centros de Nadal.

Hora e lugar: O sábado 14 de decembro das 17:00 ás 19:00 h. na Casa da Cultura.

Inscripcións: Ata o 29 de novembro no departamento de Cultura ou no teléfono 981 81 45 66.

● PODA DE ÁRBORES FRUTAIS E INXERTOS

4 clases de 2,5 h. cada clase (10 h.).

Hora e lugar: Os sábados 8, 15, 29 de febreiro e 7 de marzo das 16:00 ás 18:30 h. na Casa da Cultura.

Inscripcións: No departamento de Cultura ou no teléfono 981 81 45 66.

- **CURSO DE PREPARACIÓN PARA AS PROBAS DE GRADUADO EN ESO E COMPETENCIAS CLAVE**

A formación é un requisito imprescindible para aumentar as oportunidades de atopar emprego. O título de graduado en Educación Secundaria Obrigatoria é o título básico do sistema educativo.

De aí a importancia que vai ter a realización deste curso como vía de acceso á formación para aquelas persoas adultas que abandonaron prematuramente o sistema educativo, e para poder facilitar aos seus participantes a súa futura inclusión no mercado laboral e a mellora da súa empregabilidade.

Destinatarios: Todas as persoas que cumpran 18 anos antes da data do exame poden presentarse ás probas libres do Graduado en ESO a realizar no IES San Clemente e no Rosalía de Castro, en Santiago de Compostela.

Lugar: Aula de usos múltiples do concello.

Datas: Luns e martes das 19 ás 22 h. e os xoves das 19 ás 21 h.

Inscricións: No departamento de Desenvolvemento Local ou no teléfono 981 50 40 29.

- **CURSO DE INFORMÁTICA “INICIACIÓN E PERFECCIONAMENTO”**

Contidos: Excel, correo electrónico, internet, redes sociais e creación dunha páxina web.

Destinatarios: Poboación en xeral.

Lugar: Aula de Informática.

Inscricións: No departamento de Desenvolvemento Local ou no teléfono 981 50 40 29.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE

Emprazamento das actividades: Casa do Concello.

- **MANUALIDADES**

Curso de manualidades

Horario: Martes e xoves, 10:00 - 11:00 h.

- **TALLERES OCUPACIONALES**

As actividades deste curso fúndanse nas deteccións propias das necesidades de cada unha das persoas. Os obxectivos son entrever, formar e fomentar as relacións interpersoais.

Horario: Martes e xoves, 11:00 - 12:00 h.

- **XIMNASIA TERAPÉUTICA**

O obxectivo do curso será prever o deterioro cognitivo a través de distintas actividades, así como estimular e manter o movemento óptimo das persoas asistentes.

Horario: Martes, 12:00 - 13:00 h.

- **INFORMÁTICA**

As vantaxes das tecnoloxías da información e comunicación para as persoas con discapacidade son moitas, entre elas: o maior desenvolvemento da autonomía persoal, mellora da propia estima, etc.

Horario: Xoves, 12:00 - 13:00 h.

ACTIVIDADES PARA PERSOAS DA TERCEIRA IDADE

● XIMNASIA TERAPÉUTICA

A ximnasia para as persoas da terceira idade é unha das estratexias para a prevención primaria da hipertensión arterial, das enfermidades cardiovasculares, dos problemas respiratorios, da osteoporose, etc. Esta actividade é o mellor recurso terapéutico para axudar a conservar a saúde das persoas maiores.

Horario: Luns, mércores e venres, 10:00 - 11:00 h.

Lugar: Casa da Cultura.

● TALLER DE MEMORIA

Tan importante como adestrar os músculos para manterse en forma é exercitar o cerebro para evitar a seu deterioro. Practicar xogos de memoria dunha maneira entretida e práctica, é o obxectivo deste curso. Demóstrase que o exercicio da memoria axuda a previr enfermidades como o alzhéimer, a demencia, e perda cognitiva que poida xurdir a partir dos 50 anos.

Horario: Por determinar.

Lugar: Centro Social.

● MANUALIDADES

Como en anos anteriores, ofértase de novo a posibilidade de desenvolver todo tipo de actividades que teñan que ver co traballo e as artes plásticas.

Horario: Por determinar.

Lugar: Centro Social.

● INFORMÁTICA

Trátase dun curso de iniciación á informática cuxo obxectivo é achegar, á poboación do Concello, o uso das novas tecnoloxías, para que tomen contacto co ordenador e adquiran uns coñecementos mínimos que permitan o seu acceso persoal e individual ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación.

Horario: Xoves, 10:00 - 11:00 h.

Lugar: Aula de informática da Casa do Concello.

● PSICOMOTRICIDADE

Esta actividade lúdica ten unha duración de 40 minutos, durante os cales levaremos a cabo múltiples xogos co fin de estimular todas as áreas de desenvolvemento cognitivo, a linguaxe corporal, social, e afectiva; e sobre todo, a capacidade psicomotriz.

Horario: Por determinar.

Lugar: Centro Social.

● OUTRAS ACTIVIDADES

Grupo de teatro, bingo, campionato de cartas, etc.

Inscripcións e máis información:

Servizos Sociais do Concello de Touro. Teléfono 981 50 40 29.

● ESCOLA DE FÚTBOL en colaboración ca S.D. Touro

Prezo: 70 € anuais.

Inscrición: no teléfono 619.48.37.14, ou acudindo ao campo nos horarios de adestramento.

CATEGORÍAS:

Prebenxamín F-8: Nenos/as nados nos anos 2012, 2013 e 2014.

Luns e xoves das 16:30 ás 18:00 h. no campo de fútbol.

Benxamín F-8: Nenos/as nados nos anos 2010 e 2011.

Mércores e venres das 16:30 ás 18:00 h. no campo de fútbol.

Infantís F. Sala: Nenos/as nados nos anos 2006, 2007 e 2008. Mércores e venres das 19:30 ás 21:00 h. no pavillón.



JOSE MANUEL PÉREZ LÓPEZ

ORGANIZA:



Concello de Touro

COLABORA:



XUNTA DE GALICIA



Deputación
DA CORUÑA